



ANUNCIO: CORRECCIÓN ERROS DO ANUNCIO E DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SELECCIÓN PARA O INGRESO, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, NO CADRO DE PERSOAL LABORAL FIXO DA SOCIEDADE DE VIVENDA PÚBLICA DE GALICIA, S.A. (VIPUGAL).- ACLARACIÓN SOBRE O PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E SOBRE O PAGO DE TAXAS

CORRECCIÓN DE ERROS.-

Faise constar que unha vez publicado o anuncio da convocatoria no DOG de 19.03.2025 detectouse o seguinte erro material , que cómpre corrixir:

Onde dí “O prazo para a presentación de solicitudes rematará transcorridos 20 días hábiles contados desde o día da publicación no DOG”.

Debe dicir: “O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles dende o día seguinte da publicación da presente convocatoria no DOG”.

Faise constar que unha vez publicadas as presentes bases reguladoras da convocatoria na páxina web de VIPUGAL detectáronse os seguintes erros materiais nas mesmas, que cómpre corrixir:

1.- Prazos de presentación de solicitudes:

-Nos puntos B.1.1, B.1.2, B.1.3 e B.1.4 do ANEXO B:

Onde dí: 15 días naturais

Debe dicir: 20 días hábiles

2.- Baremación de méritos do posto de arquitecto da oficina técnica:

-No apartado 5 punto B.2.2.1 do ANEXO B (acreditación da experiencia na elaboración, confección, supervisión e tramitación urbanística de proxectos de edificación figura en branco o espazo correspondente á documentación xustificativa. No mesmo debe dicir: *“certificados de empresa ou de colexios profesionais”.*

-Asemade, deben corrixirse os numerandos dos últimos espazos deste cadro de baremación, que deben corresponder aos apartados 8 e 9.



3.- Pago de taxas

-No Anexo A.3 (pago de prezo público para a convocatoria de selección) sinalase que para o pagamento do prezo pola prestación de servizos en cantidade igual ou equivalente da taxa deberá efectuarse “*ingreso en metálico*”. Debe dicir efectuarse “*ingreso en metálico ou mediante transferencia bancaria*”.

-A fin de facilitar o pago das taxas correspondentes, aclárase que os importes para as respectivas categorías serán os seguintes:

- *“Para Arquitectos e Técnicos Xurídicos* 44,17 €
- *Para Administrativos* 33,13 €”

-ACLARACIÓN SOBRE O PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

Á vista da anterior corrección, aclárase que **o prazo de presentación de solicitudes rematará transcorridos 20 días hábiles contados dende o día seguinte da publicación desta corrección de erros no Diario Oficial de Galicia ás 14.00 horas.**

Publícase o presente anuncio na páxina Web de VIPUGAL, en data 20.03.2025, aos efectos oportunos.

Asemade, na mesma data, inclúense as correccións antes citadas no texto das bases publicadas na web de VIPUGAL.

Estando facultada en virtude do acordo do Consello de Administración de data 13 de febreiro de 2025, asina electrónicamente a presente corrección de erros e aclaración ás bases da convocatoria publicada o día 19 de marzo de 2025.

A Xerente de VIPUGAL

Asdo. María Doporto Santos